

JAVIER  
MOSQUERA



## PROTAGONISTAS DA RECONQUISTA DE VIGO

**P**ablo Morillo naceu en Fuentesecas, Toro, o cinco de maio de 1755 e foi bautizado dous días máis tarde. Os seus pais eran campesinos e de nenho traballou como pastor. Se alistou con trece anos como soldado da infantería de marina, estivo destinado en Ferrol e participou no sitio de Tolón, na batalla do Cabo de San Vicente e na de Trafalgar, onde é ferido e cae prisioneiro. Estes méritos de guerra valeronlle o ascenso a sargento segundo. Durante a Guerra da Independencia destacou na batalla de Bailén, ascendendo a tenente de Infantería.

A comezos de 1809 é enviado a Galicia ao mando dunha guerrilla e atopase con Colombo e Cachamuiña no asedio de Vigo o 26 de marzo. Como os franceses non quixeron capitular ante un xefe guerrilleiro, e malia evexas intestinas, decidiron ascendelo a coronel asinando con Chalot a rendición. Axínta, as autoridades confirmárono na categoría dese emprego militar.

Pouco despois sería un dos comandantes destacados da vitoria na batalla de Pontesampaio, entre o 7 e o 8 de xuño de 1809, que significou o principio do fin do dominio francés. Pola sua attitude recibiría o apelativo de "O León de San Paio".

Posteriormente, se incorporaría a diversas forzas que libraban a guerra contra o francés en Extremadura, Castela e País Vasco. Nestas accións, seguiu acumulando méritos militares e destacándose como estratega.

En 1813 uniuse ao exército inglés do Duque de Wellington, ascendendo a mariscal de campo. Logo da batalla de Vitoria foi nomeado tenente xeral, aumentando considerablemente o seu prestixio en España. A finais de 1814, Morillo foi designado polo rei Fernando VII como xefe da Expedición Pacificadora destinada a Venezuela e Nova Granada. A expedición partiu de Cádiz en 15 de febreiro de 1815. Constaba duns sesenta e cinco buques principais dos que dezaoito eran de batalla, incluíndo o "San Pedro de Alcántara", de setenta e catro cañóns.

Polos seus méritos militares honráronle cos títulos nobiliarios de Marqués de la Puerca e Conde de Cartagena, e foi condecorado coa Gran Cruz de Carlos III e as de San Fernando, Xustiza e Isabel A Católica.

Tras enfrentarse aos insurxentes independentistas das colonias americanas, conseguiu o seu retorno tras solicitalo ata en 16 ocasións, da Capitanía Xeral de Venezuela e regresa a España en 1820. Foi nomeado en 1821 capitán general de Castilla la Nueva e en duas ocasións fixose cargo da Capita-



Pablo Morillo, no monumento da Independencia. / Foto: CARLOS PEREIRA

# Pablo Morillo, Colombo e Almeida

Os tres militares coincidiron con Cachamuiña no asedio e liberación da cidade. Colombo foi por dous días gobernador da praza de Vigo

nía Xeral de Galicia. Participou na Primeira Guerra Carlista sen chegar a ver o seu final, pois faleceu nun balneario de Barèges, en Francia, o 27 de xullo de 1837 aos sesenta e dous anos, deixando ao seu viuda sen bens e con cinco fillos menores.

Inicialmente foi enterrado no cemiterio de Luz - Saint Sauveur, en París, ata que por mediaciones do goberno da raíña Isabel II os seus restos foron trasladados ao

cemiterio de San Isidro en Madrid en 1843, onde reposan desde entón.

En 1906, a Corporación Municipal de Vigo acordou dedicarle unha rúa na chamada Nova Poboación, que enlaza a alameda das Avenidas.

### Francisco Colombo

De familia militar, Francisco Colombo y Geraes era natural de Peníscola. En 1788, ingresou no

exército e foi facendo carreira ata chegar o grao de tenente en 1794. En 1800 foi ascendido ao grao de capitán de granadeiros, que exerceu no exército de Navarra.

Colombo foi trasladado logo a Galicia, onde participou na defensa de Ferrol fronte aos ingleses, tras o que se incorpora ao exército galego que invade Portugal na Guerra das Laranxas.

Casado en Vigo, coñecía a perfección a xeografía galega, razón

pola que o Marqués da Romana o comisionou para que alarmase aos paisanos e formase forzas de partisans que loitasen contra os franceses, en 1809. Participou na Reconquista de Vigo, e foi nomeado gobernador desta praza, ainda que o cargo só o mantivo tres días, para ser substituído por Cachamuiña.

Estivo na batalla de Pontesampaio e comandou o rexemento da Victoria, para integrarse logo no Batallón de Lobera. Posteriormente, seguiu destacándose na Guerra de Independencia, en accións como a de Badaxoz, Medina del Campo ou Alba de Tormes. Estivo no Rexemento de Lobera ata 1811, tras o que pasa ao de Mallorca e ao chamado "Fernando VII".

En marzo de 1814, a Regencia dispuxo que se levasse a cabo un recuento do número de Regimientos de Infantería. Na relación figura A Morte, que se compónía de 1.000 homes e mandábanlo o coronel Colombo?. Ese Regimiento fora constituído en abril de 1809 e se reformó en 1810, chamándose tamén A Victoria. Despois se refundió no regimento de Lobera.

Retirado en Vigo, onde estaba a súa familia, morreu o 25 de xaneiro de 1825. A súa viúva recibiu unha pensión de Montepio de 6.600 reais de velón, pero pasou moito tempo sen cobrala, logo de presentar múltiples reclamacións.

### Juan Almeida de Sousa e Sá

Cando Joaquín Tenreiro considerou que era insuficiente o número de paisanos que lograra reunir no Fragoso para fazer frente ás tropas napoleónicas, dirixise a Portugal e ali, por medio de xeral Freire de Andrade logrou reclutar a algúns soldados e oficiais e entre eles atopábase o tenente Juan de Almeida e Sá, axudante do citado xeral.

Tras participar no cerco de A Guarda, foi nomeado axudante primeiro da praza de Baiona, cando o marqués da Romana era xeral en xefe, quedando baixo o seu mando máis de catro mil homes reclutados no Val Miñor, Oia e Ou Rosal, ademais dos militares portugueses que lle acompañaban, actuando eficazmente na Reconquista de Vigo.

Almeida figura entre os condecorados co Escudo de Honra concedido para premiar a os que se distinguiron na Reconquista da cidade. O Concello dedicoulle o 28 de marzo de 1894 una das prazas do Casco Vello, chamada ata entón Praza Vella, na que tiña lugar un mercado semanal de cebolas, polo que tamén era coñecida como a "Praza das Cebolas".



Tenencia de Alcaldía  
Concello de Vigo